

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE XANEIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 22 de xaneiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 18 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao punto 6)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2, 3 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

En acto público abriuse o Sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:40	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A34A-C73A3B-37EHB7-Z8G7QN-7AR82M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	% baixa ofertada
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	12,50%

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Juan C. Rodríguez Davila, con DNI 36.078.207-Q, en representación de GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.

En aplicación do previsto no apartado 8B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares, ordénanse as ofertas admitidas de maior a menor en función do valor da porcentaxe de baixa ofertado co seguinte resultado:

	Licitador	% baixa ofertada
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	12,50%

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial municipal e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do 16 de xaneiro de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador que se indica a continuación por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta:

- ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% baixa ofertada
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	12,50%



**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.012,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 18:40	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A34A-C73A3B-37EHB7-Z8G7QN-7AR82M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		